

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 21 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

Advertida unha omisión na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 201, do mércores, 14 de outubro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 16.119, debe figurar en primeiro lugar o seguinte:

Nº expte.	Axente	Denominación proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2009	Anualidade 2010	04.41.331A.490.0		04.41.331A.790.0	
						2009	2010	2009	2010
2009/31	Solidariedade Internacional Galicia	Ampliación da oferta educativa do Centro de Formación Laboral Rafael Reyes García (C.F.L.) na comunidade de Acahualinca. Nicaragua	170.003	102.031	67.972	48.629	39.184	53.402	28.788

Resolución do 15 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se procede á publicación de subvencións concedidas en virtude da Orde do 26 de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia, resolvo que se proceda á publicación de subvencións concedidas que se indican no anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 41.03.141.A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009. Esta liña de subvencións finánciase nun 70% con cargo aos fondos Feder e nun 30% con cargo a fondos da comunidade autónoma.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración Local

ANEXO

Concello	Obra	Contía
A Teixeira	Adecuación de terreo para dotación de área recreativa	13.440,00
Cariño	Acondicionamento da praza da Fonte da Rubeira	23.200,00

Concello	Obra	Contía
Trazo	Pavimentación na praza urbana de Viaño Pequeno	22.448,21
Pontececo	Construción de praza pública en Tallo -A Bugalleira	23.855,52
Rubiá	Adecuación praza da Baicela con parque infantil	24.000,00
Ortigueira	Praza pública na rúa Castelo	30.000,00
Cabanas	Acondicionamento da praza do concello	30.000,00
Begonte	Desenvolvemento da praza pública de Baamonde	12.784,00
A Pastoriza	Acondicionamento de contorno para praza pública en Reigosa	12.882,46
Boqueixón	Acondicionamento da praza en Sergude	14.007,03
Mos	Acondicionamento do antigo campo da feira	16.412,96
Taboada	Acondicionamento da praza de Riazón	30.000,00
Alfoz	Acondicionamento da praza do concello	16.288,00
Carballeda de Avia	Acondicionamento e mellora da praza da Alameda	28.798,85
Riotorto	Acondicionamento de espazo público na rúa Circunvalación	13.252,90
Carnota	Creación de parque infantil en Lamas de Castelo	12.025,21
Carral	Urbanización do contorno da praza da Capela	23.827,48
Cenlle	Mellora das infraestruturas de uso público no Campo do Cabalo de Laías	22.276,71
Larouco	Acondicionamento e equipamento da praza do mercado	16.000,00
Vilamarín	Recuperación de espazo público no campo da festa de Bouzas	27.411,43
Verea	Acondicionamento praza Manuel Nieto Rivero e parque infantil contiguo	30.000,00
Cartelle	Rehabilitación da praza dos accesos á casa do concello	15.999,61
Meis	Adecuación de espazo público no contorno da igrexa de San Salvador	25.611,66
Valga	Acondicionamento da praza no contorno da casa do concello e Museo Histórico Local	30.000,00
Xunqueira de Espadanedo	Praza e parque infantil en Niñodagua	20.308,56
Xinzo de Limia	Acondicionamento do parque da Alameda do Toural	29.760,00
A Pobra do Brollón	Rehabilitación da praza da Condesa e o seu contorno	15.891,81
Baltar	Praza exterior da casa do concello	20.982,08
Vilasantar	Acondicionamento da praza de San Vicenzo	12.245,94

Concello	Obra	Contía
Covelo	Humanización do contorno da praza dos Trobeiros	21.755,46
Vilardevós	Acondicionamento de praza en Arzádegos	12.016,00
San Xoán de Río	Humanización da praza do concello	14.400,00
As Neves	Humanización da Praza Maior	26.392,42
Toén	Acondicionamento dunha praza en Moreiras	27.712,00
Trasmiras	Recuperación de espazo público	24.007,92
Dozón	Praza pública no lugar de Igrexa - O Sisto	14.307,20
Folgoso do Courel	Rehabilitación da praza de Fondo da Vila	17.949,75
Oia	Humanización da praza do concello	21.755,10
Boimorto	Acondicionamento e dotación de servizos na praza Campo do Rosario	23.979,79
Guitiriz	Acondicionamento do contorno da Ruta da Auga	28.851,52
Pobra do Caramiñal, A	Acondicionamento da praza Alcalde Segundo Durán	12.920,54
Cospeito	Acondicionamento da praza do colexio e o seu contorno	30.000,00
Abadín	Acondicionamento da praza do concello	30.000,00
Calvos de Randín	Adecuación da praza do Cruceiro en Randín	19.200,00
Beariz	Acondicionamento da praza da igrexa no núcleo de Doade	16.146,40
Bolo, O	Adecuación de praza en núcleo do Bolo	23.846,30
Paradela	Actuacións no parque infantil da Ruxidoira	13.906,84
Verín	Adecuación do espazo público e zona de xogos no contorno do Balneario de Sousas	19.746,31
Cerdedo	Adecuación da praza do concello	29.775,95
Taboadela	Acondicionamento da praza do concello	19.776,00
Castroverde	Acondicionamento da praza do centro social	12.032,00
Páramo, O	Construción de praza no contorno do edificio multiusos	30.000,00
Tordoia	Praza pública no lugar de Santaia	12.067,72
Pereiro de Aguiar, O	Construción de praza pública en Tapada de Bouzas	21.120,00
Cabana de Bergantiños	Acondicionamento praza de Neaño	12.147,52
Pontes de García Rodríguez, As	Adecuación de parque infantil de 0-6 anos no parque municipal	14.234,26
Cervantes	Creación dun área recreativa para parque infantil en San Román	12.336,06
Melide	Adecuación do parque infantil na urbanización Taboada Roca	14.361,61
Amoeiro	Adecuación de praza pública e parque infantil na área pública de Figueiras	17.600,00
Mugardos	Adecuación do contorno e praza da igrexa de San Vitorio de Franza	16.000,00

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 14 de outubro de 2009, do tribunal designado para cualificar as probas de constatación da capacitación para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización dos exercicios.

En sesión que tivo lugar o 14 de outubro de 2009, o tribunal designado pola resolución da Dirección Xeral de Transportes (hoxe Dirección Xeral de

Mobilidade), do 30 de xaneiro de 2009, para cualificar as probas de constatación da capacitación para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros,

ACORDOU:

Primeiro.-Os exercicios da segunda convocatoria do ano 2009 das probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio de actividades de transporte terán lugar o 14 de novembro de 2009 no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela.

Segundo.-Os/as aspirantes que fosen admitidos/as para a realización das probas serán citados/as en chamamento único segundo a seguinte distribución:

a) Transporte interior e internacional de mercadorías: todos eles/as ás 9.00 horas.

b) Transporte interior e internacional de viaxeiros: todos eles/as ás 16.00 horas.

Terceiro.-Os/as aspirantes deberanse presentar provistos/as de DNI en vigor ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, tamén en vigor; a súa falta dará lugar á non admisión do/a aspirante á realización das probas. Recoméndaselles igualmente aos/ás aspirantes que concorran provistos/as da copia da solicitude de admisión e da folla xustificativa do pagamento das taxas de exame.

Así mesmo, deberán dispor dun lapis do número 2 e goma de borrar para realizaren o exame, de xeito que se poida efectuar a súa corrección mediante mecanismos automatizados. Poderán tamén levar máquinas calculadoras sen memoria RAM para realizaren as operacións matemáticas que resulten necesarias.

Cuarto.-Non se permitirá o acceso e tenza no recinto onde se realizarán os exercicios de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, agás o indicado no punto anterior respecto das máquinas calculadoras. Do mesmo xeito, queda prohibido o acceso con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización das probas.

Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Antón García Rfo
Presidente do tribunal